

PROGRAMACIÓN

CIENCIAS DA NATUREZA
5º PRIMARIA

CPI “VIRXE DOS REMEDIOS”

Curso 2023-2024

1. INTRODUCCIÓN

Esta programación didáctica vai ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza para un C.P.I., situado nunha zona de alta montaña, o que vai permitir aproveitar os recursos da contorna .

Vai dirixida ao grupo de 5º curso formado por dúas nenas e catro nenos, facendo un total de 6 estudantes A área impartirase en lingua galega.

O alumnado atópase no 5º curso, sendo precisamente na Educación Primaria onde se produce a transición do pensamento prelórico ao de construción e asentamento do pensamento lórico-concreto. Implicando todo elo , unas formas de razoamento caracterizadas pola reversibilidade e flexibilidade, así como polos progresos significativos na capacidade de análise e síntese. Onde se vai amosando o interese por ampliar coñecementos e o significativo aumento da capacidade de reteñer datos.

Por todo o anterior descrito , a etapa da Educación Primaria constitúe un marco formativo clave para os alumnos/as. Onde as competencias básicas, fanse nun referente imprescindible no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Partirase dunha atención á diversidade do alumnado poñendo énfase na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo axiña como se detecten dificultades.

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS CLAVE

Un alumno competente é aquel que sabe utilizar todos os seus coñecementos e habilidades de xeito estratéxico para resolver problemas cotiáns. Este é precisamente o obxectivo da nova lei educativa, a LOMLOE: que os nenos e nenas sexan persoas competentes e preparadas para o mundo

real. Para conseguilo, parte do perfil de saída do alumnado e estrutura todo o ensino en función das competencias clave. Estas competencias verifícanse mediante descritores operativos, que nos informan das habilidades e coñecementos que debe acadar o alumno, e conectan coas competencias específicas da área.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave incluídas neste Perfil de Saída, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

No que se refire á relación das competencias cos obxectivos da área de Ciencias da Natureza no 5º curso de Primaria, quedaría da seguinte maneira:

Currículo	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. ▶	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>
	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>
	5 <input type="checkbox"/>		5 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>			
OBX2 Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. ▶	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>
	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>
	5 <input type="checkbox"/>		5 <input checked="" type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>			
OBX3 Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. ▶	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>
	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>
	5 <input type="checkbox"/>		5 <input checked="" type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>			
OBX4 Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. ▶	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>
	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>		4 <input type="checkbox"/>
	5 <input checked="" type="checkbox"/>		5 <input checked="" type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>			
OBX5 Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. ▶	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>
	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input checked="" type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>
	5 <input type="checkbox"/>		5 <input type="checkbox"/>	5 <input checked="" type="checkbox"/>	5 <input type="checkbox"/>			
OBX6 Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. ▶	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>	1 <input checked="" type="checkbox"/>	1 <input type="checkbox"/>
	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>	2 <input type="checkbox"/>
	3 <input type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>	3 <input checked="" type="checkbox"/>	3 <input type="checkbox"/>
	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>	4 <input checked="" type="checkbox"/>	4 <input type="checkbox"/>		4 <input checked="" type="checkbox"/>
	5 <input type="checkbox"/>		5 <input type="checkbox"/>	5 <input checked="" type="checkbox"/>	5 <input checked="" type="checkbox"/>			

3. RELACIÓN DE UNIDADES

A continuación establécense as disintas unidades que se levarán ao longo desde curso co alumnado de 5º de Primaria.

Secuencia	* Título da UD	Descrición	*Nº de sesións	*% Peso na materia	1º trim.	2º trim.	3º trim.
			105	100			
1	Os seres vivos	Traballárase cómo se organizan os seres vivos	10	9	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	As plantas	Nesta unidade aprenderán sobre as características e as partes das plantas	9	9	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	Os animais vertebrados	Vanse tratar os tipos e grupos de animais vertebrados	8	8	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	Os animais invertebrados	Vanse tratar os tipos e grupos de animais invertebrados	8	8	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5	Os ecosistemas	Nesta unidade coñecerán en detalle que é un ecosistema e como o seu estudo nos axuda a comprender o funcionamento do noso	10	9	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6	A función de nutrición do ser humano	Ao longo desta unidade descubrirán como o noso corpo traballa dun modo organizado para conseguilo.	9	9	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7	Os alimentos	Nesta unidade coñecerán todo o que nos achegan os alimentos.	8	8	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8	As funcións de relación e reprodución do ser humano	Ao longo desta unidade coñecerán o significado destas dúas funcións e tamén os órganos que empregamos para realizalas.	8	8	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9	A materia	Nesta unidade coñecerán as características máis importantes da materia.	10	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
10	Os recursos naturais	Nesta unidade coñecerán todo o que necesitan saber sobre os recursos que nos ofrece o noso planeta para que sexan capaces de	9	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
11	As máquinas	Nesta unidade coñecerán as características das máquinas eléctricas	8	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
12	Os avances técnicos	Ao longo desta unidade coñecerán algúns dos avances tecnolóxicos máis importantes e descubrirán como foron cambiando ao longo do	8	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Os procedementos serán variados e descritivos para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias , utilizando os seguintes instrumentos:

- Observación sistemática.
- Revisión de cadernos e traballos realizados polos alumnos/as.
- Probas orais.
- Rexistro e control por parte do profesorado.

Valórase:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A capacidade de traballar en grupo de maneira cooperativa.

Adoptando os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Probas formais (orais e escritas): 60%
- Actividades feitas na clase: 20%
- Preguntas feitas na clase: 20%

Ademáis, a nota ordinaria será o resultado das 3 avaliacións, que terán a seguinte ponderación:

- 1º trimestre: 30%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 35%

En canto aos criterios de recuperación, nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.